

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de outubro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día un de outubro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1749).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de setembro de 2007. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1750).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs. 3/1818, 4/294.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa de Servizo de Axuda no Fogar, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Rosangela Aparecida Gervasio. Expte. 3/1818.
- D^a. Concepción Rodríguez Troncoso. Expte. 4/294.

3(1751).- PROPOSTA DE CAMBIO NA ORDENANZA N° 43 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DE “VERBUM-CASA DAS PALABRAS”. EXPTE. 423/340.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

4(1752).- SOLICITUDE DA PRESIDENTA DA SOCIEDAD CULTURAL, DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XXIII MARATÓN DA AMIZADE O DÍA 12.12.07. EXPTE. 7255/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do director deportivo do IMD, do 20.09.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar , a Dona Concepción Martínez Rodríguez, Presidenta da Sociedad Cultural, Deportiva e Recreativa HELIOS, a organizar o vindeiro 12 de outubro de 2007, o XXIII Maraton da Amizade, a partir das 10.30 horas ata as 13.30 horas e cun percorrido dende o barrio de Mosteiro pasando polos barrios de Mourelle, San Cibrán, Chans, Xestoso, Viña Grande, Montecalvario, e de regreso de novo a Mosteiro.

2º.- Condicionar este acordo a que se poida confirmar que non haberá problemas de seguridade para realizar o evento.

5(1753).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ESPIGA SALCEDA S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA SOBREIRO,98. EXPTE. 73971/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 10.09.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de marzo de 2005 por ESPIGA SALCEDA, S.L, con NIF B-36.355634 por un importe de 1,500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa SOBREIRO, 98, por non producirse danos.

6(1754).- DEVOLUCION DE AVAL A VILA COMESAÑA Y CIA S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA VENEZUELA, 62. EXPTE. 73983/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 12.09.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 26 de agosto de 2005 por VILA COMESAÑA Y CIA, S.L, con NIF B-36.704,625 por un importe de 1,500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa VENEZUELA, 62, por non producirse danos.

7(1755).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A VILA COMESAÑA Y CIA S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA DARÍO DURÁN. EXPTE. 73984/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 12.09.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 7 de outubro de 2005 por VILA COMESAÑA Y CIA, S.L, con NIF B-36.704,625 por un importe de 1,500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa DARIO DURAN, por non producirse danos.

8(1756).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS POR IMPORTE DE 24.621,16 €. EXPTE.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 24.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 19.09.07, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 18/2007 da “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, con data no Rexistro Xeral o día 17 de setembro de 2007, por un importe total de 24.621,16.-€, en concepto de prestación do servizo de atención domiciliar a Infancia durante o periodo comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2007, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” e bolsa de vinculación xurídica do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, por un importe total de 24.621,16.-€, en concepto de prestación do servizo de atención domiciliar a Infancia durante o periodo comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2007, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” e bolsa de vinculación xurídica do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

3º.- Aboar á “Asociación de Mulleres Progresistas”, CIF 36657336, por un importe total de 24.621,16.-€, con cargo á partida 4632.227.0602 “*Sadi Kanguros*” e bolsa de vinculación xurídica do programa presupostario da Concellería da Muller para o exercicio 2007.

9(1757).- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA PARA DINAMIZAR OS CENTROS DE INTERNET. EXPTE. 1261/321.

Dáse conta da proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 18.10.07, conformada polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, aprobou a sinatura do convenio de colaboración coa Concellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento da Orde de 16 de maio de 2006, así como o texto do mesmo e o gasto que o desenvolvemento do mesmo implicaba, tendo en conta que no mesmo o Concello adquiría o compromiso de contratar a un dinamizador desde o 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2008, unha vez finalizada a dinamización dos centros de internet municipal da parte correspondente ao compromiso da concellería.

Con data 10 de maio de 2007 a Dinamizadora contratada pola Consellería de Innovación e Industria, solicitou a baixa na prestación do servizo. Debido a que na Orde de 16 de maio de 2006 establecíase que as persoas seleccionadas recibirían “Formación como dinamizadores da Sociedade da Información”, e todas as que o recibiron xa se atopaban prestando os seus servizos en outras administracións locais e entidades sen ánimo de lucro, non foi posible substituír a mesma, polo que non se asinou o convenio aprobado..

O gasto aprobado supón para a contratación da bolsa desde o 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2008 ascende a cantidade de 10.800,00 € que están imputados a partida orzamentaria 4631 2270602 “Convenio de colaboración con outros organismos” e o gasto para cubrir as polizas de seguros por risco profesional para o bolseiro supón a cantidade de 59,07 € con cargo a partida orzamentaria 4631 2240000.

Polo anteriormente exposto propoño que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007 no que se aprobaba a sinatura do convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento da Orde de 16 de maio de 2006.

Segundo.-Comunicar o presente acordo ao servizo municipal de Intervención aos efectos orzamentarios oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1758).- ADXUDICACIÓN DO ALLEAMENTO DE DOUS LOTES DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTES. 1900/241 E 1919/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 26.09.07,a Xunta de Goberno local acorda:

Allear a favor de Vigoto Uno, S.L. (desguaces Vigototal) 63 vehículos relacionados no expediente 1900/241 por un importe de 4.450 euros e 42 vehículos relacionados no expediente 1919/241 por un importe de 3.825 euros todos eles para seren destinados a chatarra.

11(1759).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS. EXPTE. 2497/113. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 25.09.07, que di o seguinte:

Sistemas de Oficina Rías Baixas, S.L. presentou recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 05-03-2007 polo que se adjudicou a Nea F3 Ibérica, S.L. o lote 1 do concurso para a subministración mediante arrendamento de fotocopiadoras para as dependencias do concello de Vigo.

Do recurso presentado, deuse traslado ós interesados no expediente entre os que se encontraba o adxudicatario, tal e como dispón o artigo 112.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Nea F3 Ibérica, S.L. presentou as alegacións o recurso que se achegan no expediente.

O recurso presentado por Sistemas de Oficina Rías Baixas, S.L se fundamenta en dúas partes a primeira alegando a falta de motivación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno e a outra parte a incorrecta aplicación de puntuacións feitas tanto a adxudicataria como a recorrente.

Respecto da falta de motivación do acordo de adjudicación adoptado no expediente tramitado consta dita motivación, xa que foi tomado mantendo a proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 19-02-2007. Esta proposta a súa vez, estaba baseada nun informe do xefe do servizo de Informática e Comunicacions do concello de Vigo no que se fai un estudio das ofertas presentadas e se propón unha puntuación das mesmas.

En canto a incorrecta aplicación de puntuacións feitas tanto o recorrente como a adxudicataria e que se refiren fundamentalmente a aplicación do criterio menor custe mensual do contrato, omisión de puntuación por características que as máquinas canon posúen e valoración de características que as máquinas ofertadas polo adxudicatario non posúen, da resposta o informe de data 14-05-2007 do xefe do servizo de Informática e Comunicacions que se achega ó expediente.

A vista das devanditas circunstancias, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar, polas causas expostas na parte expositiva de este informe, o recurso de reposición presentado por Sistemas de Oficina Rías Baixas, S.L contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 05-03-2007 polo que se adjudicou a Nea F3 Ibérica, S.L. o lote 1 do concurso para a subministración mediante arrendamento de fotocopiadoras para as dependencias do concello de Vigo, polas causas que dito acordo estaba motivado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1760).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ E DA. CARMEN DACUÑA MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 930/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Antonio González González e Dna. Carmen Dacuña Martínez presentan reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de febreiro de 2006, no

que expoñen que o día 1 de febreiro de 2005, o seu fillo D. José Antonio González Dacuña circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula C-1095-BKL, pola avenida de Samil, á altura do punto kilométrico 0,785, e sufriu unha caída por mor da presenza de serraduras e follas secas na calzada; do accidente resultaron falecidos o condutor e o seu acompañante e causáronse danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a instrución por accidente de circulación do servizo da Policía Local, de data 01/02/2005, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, constatan que houbera unha colisión entre o ciclomotor de D. José Antonio González e un camiión, da que este resultou ferido moi grave e o seu acompañante morto; igualmente, comprobán o estado do ciclomotor accidentado e da vía, indicando que a mesma se atopaba limpa, seca e en perfecto estado de conservación, habendo cascallo nas beiravías. Así mesmo, as testemuñas identificadas polos axentes manifestan que o ciclomotor circulaba a unha velocidade elevada para a zona, tendo realizado un adiantamento pola dereita a un vehículo, en zona de curva.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 17/02/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados; igualmente que a limpeza da avenida de Samil non é competencia deste servizo.
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 23/02/2006, que indican que sobre a presenza de serraduras e follas na calzada debe informar a empresa Cespa S.A., responsábel das podas e triturados na zona de Samil.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 85.403,03 euros.
- Informe da empresa concesionaria Cespa S.A., de data 08/05/2006, que manifesta non ter realizado ningún traballo de arborado e triturado na zona, ó estar esta fóra da zona obxecto de conservación e mantemento por parte da mesma.
- Informe da empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A., concesionaria do servizo de limpeza, de data 05/06/2006, que indica que a limpeza da avenida de Samil non é competencia desta concesionaria.
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 04/07/2006.
- Práctica de proba testifical, en data 29/09/2006, na que unha das testemuñas incide en que o ciclomotor do Sr. González circulaba a unha velocidade excesiva para a zona e a outra (que non foi testemuña directa do accidente) entende que o accidente se debeu á presenza de serraduras e follas na calzada.
- Evacúase trámite de audiencia á empresa concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 24/10/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións en data 10/11/2006.
- Evacúase trámite de audiencia á aseguradora Mapfre Industrial, que formula alegacións en data 14/04/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta preciso constatar no expediente a existencia dun dano avaliábel economicamente, e a morte atópase entre os supostos de lesión indemnizábel (Sentenza do Tribunal Supremo 27/11/1993). Respecto a esta, os reclamantes avalían en 85.403,03 euros, cifra coincidente coa que consta no ditame médico solicitado ó efecto e que hai no expediente. Reclámase así mesmo o valor da motocicleta por 900 euros, baseándose nun informe pericial que se achega de data 21/01/2006.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndenlle á parte reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame do Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte do cito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.

Ademais, tal e como esixe o artigo 139 da Lei 30/1992, hai que acreditar que o evento danoso, neste caso a morte, sexa consecuencia do funcionamento dun servizo público, por canto é preciso que entre a lesión e o funcionamento do servizo exista un nexo de causalidade obxectivo do que resulte que aquela é consecuencia deste, cunha relación de causa-efecto, sen que o dano sexa producido por forza maior (STS 03/10/2000, 09/05/2005).

Por outra banda, a Administración resultará exonerada cando a intervención dun terceiro ou do propio prexudicado revista a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, consonte coas sentenzas do Tribunal Supremo de 27/12/1999 e 22/07/2001, segundo as que é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta do propio prexudicado ou a dun terceiro a única determinante do dano producido, aínda que fose incorrecto o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- A Administración está obrigada, de conformidade co que dispoñen os artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases do réxime local, a manter as vías urbanas públicas, camiños e vías rurais de xeito que se garanta en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. A consecuencia deste deber, resultaría obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das ditas condicións de seguridade nos viais, aínda que existe abundante xurisprudencia (STS 07/10/1997 e 03/12/2002) tal e como di a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (ditame 401/2006) que exonera

de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo na calzada é imprevisíbel, procede dalgún feito dun terceiro e non se pode acreditar nin a súa orixe nin o momento temporal no que se formou, xa que non se pode imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha ou obstáculo que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel.

E así, ós efectos de acreditar o necesario nexo causal entre o funcionamento dun servizo público e o resultado lesivo, a reclamación fundaméntase na presenza no tramo correspondente ó accidente de serraduras de madeira e follas secas espaxadas pola calzada e con carácter esvaradío, a consecuencia de traballos de xardinería (poda de árbores) realizados na zona por persoal do Concello, sen que existisen sinais que advertisen da súa presenza. A estes efectos achega fotografías que non se atopan datadas, nas que se observa na beiravía material, así como unha mancha que invade parte da calzada, declaración de dúas testemuñas que non presenciaron directamente o accidente, conforme este material se atopaba no lugar nesas datas. Unha destas testemuñas chegou ó lugar inmediatamente despois de ocorreren os feitos, e se ben observou no lugar restos de serraduras e madeira secas, considera pola súa cualificación profesional que procedían dalgún vehículo transportista de madeira, terceiro alleo ó Concello. Cre que a mancha que invade parte da calzada provocou que a roda do ciclomotor perdesa a súa estabilidade, dado o carácter esvaradío dos restos, e provocando o accidente.

Quinto.- Do exame da documentación obrante no expediente, resultan constatados os seguintes feitos:

- Do informe de data 08/05/2006 de Cespa S.A., que o lugar onde tivo lugar o accidente carece de todo tipo de arborado, polo que ningunha tarefa de poda puido ser realizada nel.
- Do atestado instruído pola Policía Local do Consello de Vigo, que acudiu ó lugar ás 13:45 horas do día, minutos despois de ocorrer o accidente, e que relata dun xeito detallado tanto as condicións da vía e da calzada, como as circunstancias que tiveron lugar, co fin de averiguar as causas e esclarecemento dos feitos que o puideron motivar: que a anchura da calzada é de 7,15 metros e provista de beiravías de un metro, tiña boas condicións de rodadura, atopándose o firme formado por aglomerado asfáltico limpo e seco, en perfecto estado de conservación, e que no lugar había unha limitación de velocidade a 50 km/h. Así mesmo é de destacar que no atestado se determina o punto inicial da caída do ciclomotor ó chan polas impresións de arrastre cortas que había no lugar, indicando que se inician a 1,20 metros da liña lonxitudinal separadora do carril e da beiravía achegando a estes efectos fotografías números 5 e 6 referentes ás ditas impresións de arrastre dende o seu inicio e nas que en consonancia co constatado polos axentes actuantes non hai constancia de sucidade ningunha na calzada.
- As declaracións das dúas testemuñas presenciais dos feitos permiten unha secuencia histórica destes nos momentos inmediatamente anteriores do accidente, de tal xeito que segundo elas o ciclomotor que tiña aspecto de abandono e facía un ruído bastante estridente circulando no lugar a uns 70 km/h aproximadamente adiantando a un vehículo Renault Megan, que o facía á velocidade máxima permitida no lugar (40 ou 50 km/h), adiantamento que se produciu polo carril dereito, situándose a continuación no carril esquerdo de circulación diante do Renault Megan, co que entrou na curva a unha excesiva velocidade que chamaba a atención segundo a testemuña que entón o viu, caendo no lugar no que se inician as impresións de arrastre, sen que esta última visualizase ningunha sucidade no lugar.

De todo o anterior pódese concluír en consonancia coa propia conclusión dos axentes actuantes, que a caída do ciclomotor se produciu ó tomar o condutor deste a curva a unha velocidade excesiva para as súas condicións, non observando polo tanto a dilixencia e coidado debidos na conducción, resultando esta imprudente, con infracción de normas de circulación. Polo tanto o resultado lesivo produciuse ó perderen os neumáticos a súa adherencia á causa desa velocidade inadecuada e da inclinación resultante de tomar a dita curva.

A especial cualificación da proba do atestado policial, que ademais ampárase coa inmediación ós feitos dos axentes actuantes, e as declaracións das testemuñas presenciais que a apoian non se ve desprazada por unha eficacia probatoria suficiente que exclúa a eficacia do contido da súa actuación. As afirmacións dos perito que non observou o accidente e redacta o seu informe un ano despois dos feitos con apreciacións subxectivas á vista da documentación que se achega, procede a dar prevalencia ó consignado no atestado.

Tampouco resulta desvirtuado o anterior pola declaración testifical a instancia dos reclamantes, que non foron testemuñas presenciais do accidente, un dos que chegou ó lugar minutos despois auxiliando ós accidentados, por canto se ben se alega a súa condición profesional non se atopaba nin actúa no exercicio das súas funcións, e as súas manifestacións carecen dun sólido apoio que obxectivándoas xustifiquen verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, en contraposición ó constatado.

Destacar pola evidente contradición que supón, que se ben a reclamación se basea na existencia de material na calzada que din que causou o accidente proveniente do servizo público de poda e limpeza de arborado, que resultou probado non se realizou non lugar, a testemuña proposta ós efectos da proba do anterior sitúa a súa orixe nun terceiro alleo á Administración que voluntaria ou involuntariamente o verqueu na calzada.

Sexto.- Está constatado polo tanto que o ciclomotor circulaba a unha velocidade superior á permitida, isto é, superior ós 50 km/h permitidos no lugar á que circulaba o vehículo Renault Megan ó que adiantou nun tramo urbano, no que de conformidade co que dispón o artigo 29.2 da Ordenanza Xeral de Circulación do Concello de Vigo está prohibido circular a velocidade superior a 50 km/h, límite de velocidade que o artigo 19 do Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, establece como de obrigatorio cumprimento. Polo tanto, apréciase esta grave negligencia co resultado lesivo da morte por canto unha velocidade adecuada podería ter impedido o accidente, sen que se acredite que o suceso teña relación co funcionamento de ningún servizo público municipal, e polo tanto desestimar a reclamación presentada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Antonio González González e por Dna. Carmen Dacuña Martínez polas lesións sufridas polo seu fillo José Antonio González Dacuña, accidentado o día 1 de febreiro de 2005 na avenida de Samil.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1761).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a BELÉN BARREIRO VILAS (D.ROMÁN LAGO CUADRADO) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1039/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Belén Barreiro Vilas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D. Román Lago Cuadrado, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de abril de 2006, no que expón que o día 29 de decembro de 2005 circulaba co vehículo de propiedade do Sr. Lago, matrícula PO-6169-AX, polo Camiño da Ferreira e, á altura do número 257, sufriu danos materiais nunha roda tras introducila nunha focha existente na calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 29/12/2005.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/06/2006.*

- c) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 07/07/2006.
- d) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 28/07/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos usuarios nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo administrado e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da calzada. Así se desprende tanto do parte policial como do informe do servizo de Vías e obras, así como das fotografías achegadas polo reclamante. No entanto, esta circunstancia non representaba un perigo para a circulación, tanto polas dimensións da focha, pois segundo consta no mencionado informe do servizo de vías e obras “o tramo de calzada en mal estado supera os 30 m²”, como polo feito de que “en condicións climatolóxicas normais e durante o día (circunstancias concorrentes no momento do accidente) o mal estado do pavimento pode visualizarse a 20 metros”. Dado que o artigo 9.2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei

sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, impón a obriga ós automobilistas de “conducir coa dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo” e que o artigo 19.1 do mesmo texto legal impón os automobilistas a obriga de respectar os límites de velocidade establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e, en xeral, cantas circunstancias concorran en cada momento, a fin de adecuar a velocidade do seu vehículo ás mesmas, de maneira que sempre poida detelo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que poida presentarse”, temos de concluír que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da conducción, interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público local.

En mérito ó que antecede, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Belén Barreiro Vilas, en nome e representación de D. Román Lago Cuadrado, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1762).- RECLAMACIÓN DE D. ALFONSO FREIRÍA PIÑEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1043/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Alfonso Freiría Piñeiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de abril de 2006, no que expón que, ó camiñar pola rúa Urzáiz, engançou o seu xerseí nun ángulo metálico en mal estado situado na parte superior dos cristais da entrada/saída de peóns do aparcadoiro da rúa Urzáiz, causándose danos materiais na prenda.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo da Policía Local, de data 25/05/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- b) Informe da U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, concesionaria do aparcadoiro da rúa Urzáiz, de data 30/05/2006*
- c) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 08/06/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aparcadoiro público, aínda que tal servizo é xestionado de forma indirecta (artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local), asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985 e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia), competencia na que pode englobarse a actividade de aparcadoiro público. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de abril de 1999, outorgou en réxime de concesión administrativa a redacción dos proxectos, construción e explotación do aparcadoiro da rúa Úrzaiz á Unión de empresas Tranvías Eléctricos de Vigo S.A – Eloymar S.A.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local e á mercantil concesionaria do servizo, por se tivesen constancia do accidente, dado que o reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos. O Sr. Freiría limitábase a achegar unha factura de compra dun xersei, e non achega ningunha proba que dea fe dos presuntos danos sufridos, polo que a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alfonso Freiría Piñeiro por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultaren convenientemente

probados nin os presuntos danos nin o nexa de causalidade entre os mesmos e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1763).- RECLAMACIÓN DE D^a. ARACELI GONZÁLEZ AGULLA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1045/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Araceli González Agulla presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de abril de 2006, no que expón que o día 18 de agosto de 2005, mentres camiñaba polas escaleiras situadas na rúa Grove interior, na parte traseira do edificio da Seguridade Social, sufriu unha caída por mor do mal estado das mesmas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13/09/2005, sobre o estado do lugar onde a Sra. González afirma ter ocorrido o accidente.*
- b) Informe do servizo da Policía Local, de data 10/05/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- c) Informe do servizo de Urgencias Sanitarias (061), de data 31/05/2006.*
- d) Práctica de proba testifical, en data 11/07/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. González aínda que indique que o desperfecto era visíbel.*
- e) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.945,36 euros.*
- f) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 03/08/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliablel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditados que:

- Do informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente, que os defectos no lugar da caída que ocupaban 7 metros de escaleira son visíbeis a 2 metros.
- Da proba testifical practicada ó efecto que no intre da caída era de día e había boa visibilidade no lugar, así como que os defectos se aprecian ó baixar as escaleiras.
- Do informe de Urxecias sanitarias 061 que o lugar da caída se atopaba na rúa Estrada xunto ó edificio da Seguridade Social.

No presente expediente, polo tanto, constátase o deficiente estado das escaleiras, circunstancia que non obstante non entraña defectos ocultos ou que non poidan ser detectados en circunstancias normais de circulación e tránsito, como así o afirma a testemuña, que reside de acordo co DNI no propio enderezo da reclamante. Engadidamente e de conformidade coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en ditame 291/2006, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante, e é que a reclamante reside “a carón” das escaleiras, isto é na mesma rúa, polo que tiña que ser perfectamente coñecedora do lugar.

Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano e, seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- *Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Araceli González Agulla por unha caída ocorrida o día 18 de agosto de 2005 nas escaleiras situadas na rúa Grove interior, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1764).- RECLAMACIÓN DE D^a. BEATRIZ LOIS BARRIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1015/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Beatriz Lois Barrio presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de abril de 2006, no que expón que o día 10 de xuño de 2005, mentres camiñaba pola Gran Vía, á altura da tenda de modas Massimo Dutti, sufriu unha caída tras tropezar cunhas lousas da beirarrúa que se atopaban en mal estado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 10/06/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Lois relátalles o accidente que tivera, sendo a continuación trasladada ó Hospital Xeral; igualmente, comprobán a existencia de dúas lousas da beirarrúa soltas, procedendo a fixalas de forma provisional.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/05/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello.*
- d) Práctica de proba testifical, en data 07/07/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 24/07/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, a xuízo, tanto dos axentes da Policía Local que acudiron ó lugar do accidente a instancia da reclamante como das testemuñas presenciais da caída, entraña un risco especial para os viandantes, ó non ser visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aínda empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación polos viandantes.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Lois, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante, tanto no seu escrito inicial como nas alegacións formuladas en trámite de audiencia, cuantifica os danos en 8.495,66 euros, cantidade que desglosa do seguinte modo:

- 3.138, 70 euros en concepto de baixa médica polos días impeditivos e non impeditivos invertidos na curación das súas lesións.
- 5. 396, 96 euros correspondentes a 8 puntos en concepto de secuelas polas dúas cicatrices que lle restan tras a sanidade e que lle producen prexuízo estético.

No entanto, no parte médico de alta emitido pola mutua médica da Sra. Lois non consta que a esta lle resten secuelas tras o accidente, nin se achega ó expediente documentación médica ningunha que xustifique a existencia de tales cicatrices polo que, á vista destes datos, a informante conclúe que non procede o aboamento da cantidade solicitada en concepto de secuelas, senón só a cantidade solicitada polos días de baixa médica.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por Dna. Beatriz Lois Barrio en data 7 de abril de 2006 por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 3.138,70 euros en concepto de danos e perdas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1765).- RECLAMACIÓN DE D. DANIEL CRUZ ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1017/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Daniel Cruz Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de abril de 2006 no que expón que o día 4 de marzo de 2006, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 6532-DDP, pola rúa Sanjurjo Badía, á altura do número 186, e foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais valorados en 296,80 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Limpeza, de data 24/04/2006, indicando non teren constancia dos feitos denunciados.*
- b) Informe do servizo da Policía Local, de data 04/05/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- c) Informe do Parque Móbil, de data 01/06/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Pampillón, presentado polo reclamante, por un importe de 296.80 euros IVE incluído, son correctos.*
- d) Práctica de proba testifical, en data 19/07/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Cruz.*
- e) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 05/09/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informe da Policía Local despréndese que o colector bateu no vehículo, causándolle diversos danos, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Cruz, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente un presuposto de Talleres Pampillón por un importe de 296,80 euros IVE incluído, presuposto conformado polo servizo de parque móbil, que no seu informe considera que os prezos son correctos, polo que procede o seu aboamento.

En mérito ó que antecede, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D. Daniel Cruz Alonso en data 11 de abril de 2006 por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 296,80 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade, en concepto de danos e perdas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1766).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANTONIA GRANDE GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.218/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Antonia Grande González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xuño de 2004, no que expón que o día 19 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa Pi y Margall, sufriu unha caída á altura dos números 54 e 56 por mor dunhas baldosas levantadas da beirarrúa que non estaban sinalizadas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 19/05/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Grande, que se atopaba sangrando, relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de lousas arqueadas e soltas, así como manchas de sangue.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 11/11/2004, sobre o estado lugar no que a reclamante indica ter ocorrido o accidente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.025,59 euros.*
- Práctica de proba testifical en data 23/03/2005 á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Grande.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/05/2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 14/06/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito

reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- a) Polo que respecto ós danos físicos causados a consecuencia da caída, hai dous ditames médicos no expediente, de datas 10/01 e 08/08/2005, o último ratificándose no anterior, e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992, serven de motivación a esta resolución, valorando as ditas lesións en 1.025,59 euros, e no que se di que en ningún dos informes médicos de datas 19/05, 21/05 e 27/05/2004 faise referencia á lesión no ombro dereito a consecuencia da caída como así reclama a interesada, afirmando que dada a idade da lesionada, 71 anos, non sería rara a existencia de algún tipo de artropatía anterior ó accidente padecido.
- b) Da proba testifical practicada resulta que a reclamante tiña o brazo dereito operado cando caeu.
- c) Do parte do servizo da Policía Local que hai no expediente, que no lugar se atopaban dúas lousas arqueadas cara arriba e soltas, presumiblemente lugar onde caeu a reclamante, ó atoparse preto delas un charco de sangue, así como da proba testifical que o día era boa, cunha boa visibilidade e que todos os que se atopaban no lugar puideron ter visto este defecto.

En todo caso, os defectos da beirarrúa eran visíbeis segundo a proba testifical, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Antonia Grande González por unha caída ocorrida o día 19 de maio de 2004 na rúa Pi y Margall, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1767).- RECLAMACIÓN DE D^a. BELEN RIAL SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1046/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Eugenia Velasco Pazos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. Belén Rial Sánchez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de abril de 2006, no que expón que o día 18 de xuño de 2005, mentres a Sra. Rial circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula C-9906-BJX, polo camiño das Grades (Verdella), sufriu unha caída co seu ciclomotor por mor da existencia de cascallo na calzada, provocándose danos físicos á súa persoa e materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/05/2006, no que indican que o lugar do accidente se atopaba afectado por obras de asfaltado, realizadas conxuntamente pola Deputación Provincial e polo taller de Vías e Obras deste Concello.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/06/2006, no que indican que durante a súa execución a obra estivo sinalizada regulamentariamente e resaltan que a Sra. Rial tiña o domicilio na vía onde ocorreu o accidente, polo que debería ser coñecedora do estado na que se atopaba.*
- c) Informe do servizo da Policía Local, de data 22/06/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- d) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.317,82 euros.*
- e) Informe do servizo do Parque Móbil, de data 29/09/2006, no que manifestan que os prezos contidos no presuposto de Motos Valles Miñor S.L., presentado pola reclamante, por un importe de 635,45 euros, IVE incluído, son correctos.*
- f) Práctica de proba testifical, en data 21/03/2007, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Rial.*
- g) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 27/03/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta preciso en primeiro lugar constatar a existencia dun dano avaliábel economicamente.

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.

E así:

- *Reclámanse danos no ciclomotor en 635,44 euros, segundo orzamento de data 24/02/2006, no que se detallan unha serie de compoñentes do ciclomotor, que á vista deste o servizo do Parque Móbil estima correctos, se ben non puido comprobar os citados danos. Tanto deste informe como da proba testifical practicada que non resultan estes danos detallados, como do feito do orzamento nunha data sete meses posterior ó accidente, estes non resultan probados fehacemente.*
- *Tampouco resultan probados os gastos de farmacia, por canto se ben hai unha factura destes, nin figura o nome do adquirente nin no expediente consta que estes se prescribiron á reclamante.*
- *Polo que respecta ós danos físicos, hai no expediente ditame médico que consonte co que dispón o artigo 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivación a esta resolución, no que se valoran en 2.353,43 euros ó non apreciar ningunha secuela incrementándose nun 10% pola idade laboral da reclamante.*

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

De conformidade co artigo 89.5 da Lei 30/1992 mencionado, hai informe do servizo de Vías e Obras do Concello de que o lugar onde acaeceron os feitos, isto é, da caída do ciclomotor da reclamante, que resulta probada en proba testifical, foi obxecto en datas anteriores dun reforzo do firme sendo práctica habitual e recomendábel que a area se manteña no camiño para que o propio paso dos vehículos consiga o fraguado desta durante a execución das obras e durante unha semana tras a súa execución estiveron sinalizadas regulamentariamente. Da proba testifical infírese que estaba recién asfaltado o día dos feitos, unha testemuña fala de dous ou tres días e outra dunha semana.

A reclamante reside na mesma rúa onde tiveron lugar os feitos, polo que tiña que ser perfectamente coñecedora do seu estado, ó formar parte do seu percorrido habitual.

Cuarto.- Consonte co anterior, e coa doutrina citada, a presenza na calzada de area, se ben incrementa o risco da condución, tiña que ser necesariamente coñecido pola reclamante, requirindo unha atención na súa condución polo lugar, polo que a protección do principio de confianza non lle ampara, resultando obrigada desestimar a súa petición

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Eugenia Velasco Pazos en nome e representación de Dna. Belén Rial Sánchez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1768).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL TOMBILLA FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1054/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Tombilla Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de maio de 2006, no que expón que o día 28 de marzo de 2006, ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-8816-BJ, pola rúa García Barbón, confluencia coa rúa Canceleiro, provocou danos ó vehículo tras pasar sobre unha focha dun sumidoiro que non se atopaba sinalizada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 28/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Tombilla relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobamos os danos producidos no vehículo e a existencia dun saínte dunha pedra, anomalía que constituía perigo para a circulación, procedendo a sinalizala.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/05/2006.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 06/06/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 06/91 de Neumáticos Pereiró, presentada polo reclamante, por un importe de 74,24 euros IVE incluído son correctos.*
- Informe, de setembro de 2006, do servizo da Policía local, no que identifican o lugar do accidente como a rúa García Barbón, número 50.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, sen data, no que indican que no lugar do accidente hai dous rexistros que puideron causar o accidente, un da empresa Uni2 e o outro da concesionaria Aqualia.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 13/07/2006, no que especifican que o accidente ocorreu no rexistro pertencente a Uni2.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 19/10/2006, no que indican que tanto a titularidade como o mantemento do rexistro causante dos danos son responsabilidade da empresa Uni2.*

- *Evacúase trámite de audiencia á empresa Orange (antes Uni2 Telecomunicaciones), en data 09/02/2007, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 28/02/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Da documentación obrante no expediente, en especial parte do servizo da Policía Local de data 13/10/2006 que di que o sinistro polo que se reclama prodúcese á altura da tapa de rexistro de Uni2 que se atopaba no lugar, e do informe do servizo de Vías e Obras de data 04/10/2006 de que o rexistro é de titularidade de Uni2 e o seu mantemento é da súa responsabilidade, resulta acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro alleo á Administración, en concreto Uni2 Telecomunicaciones, agora Orange, carecendo polo tanto o Concello de Vigo de ningunha vinculación cos feitos, non se apreciando consecuentemente ningunha responsabilidade desta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Tombilla Fernández polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula PO-8816-BJ, o día 28 de marzo de 2006 na rúa García Barbón, ó non ser o Concello de Vigo nin titular nin responsábel do mantemento do rexistro causante dos danos que se reclaman”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1769).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ CALVEIRA LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1068/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Calveira Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de maio de 2006, no que expón que o día 11 de maio de 2006, mentres camiñaba pola rúa Frián, sufriu unha caída, ó esvarar nunha mancha de pintura que había na vía, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 12/05/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos (rúa Frián nº 93), comprobán a existencia dunha mancha de pintura que fora previamente tapada polos obreiros dunha obra que se levaba a efecto no lugar e que comunican o feito ó servizo de Limpeza para a súa retirada; persoados no domicilio do Sr. Calveiro, este relátalles o accidente que tivera o día anterior, ás 21:20 horas.
- b) Informe do servizo de Limpeza, de data 06/06/2006, no que indican que tras recibir o aviso da Policía Local, persoouse no lugar un operario da empresa contratada para a limpeza viaria, que procedeu á limpeza da mancha denunciada.
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.049,60 euros.
- d) Evacúese trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 04/09/2006.
- e) Novo ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.495,98 euros.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81.a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter as vías públicas de modo

tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Tendo en conta o dato de que, segundo o parte policial a mancha de pintura procedía dunha obra que se estaba realizando na zona, e que nas horas inmediatamente anteriores ó accidente, non se denunciou por ningún usuario a existencia da mancha, nin se detectou polos servizos de vixilancia do Concello, presúmese consecuentemente que o vertido se produciu pouco tempo antes do accidente que motiva a reclamación.

É Xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo (STS de 8 de outubro de 1986, STS de 11 de febreiro de 1987) exonerar de responsabilidade á Administración por unha eventual culpa in vigilando, cando o obstáculo existente sobre a calzada é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha e nin sequera o momento en que se formou, deducíndose así que polo funcionamento regular do servizo de limpeza deste Concello, que non é factíbel que a devandita mancha se orixinase con anticipación dun número importante de horas ó accidente, abondas para que se poidese detectar e despexar a calzada.

Do dito e mais do feito de que o vertido de pintura na calzada procede dun terceiro non identificado, despréndese a ruptura do nexo causal que exclúe a responsabilidade desta Administración.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que os axentes actuantes acudiron ó lugar a instancia do Sr. Calveira un día despois da data do accidente, polo que non poden dar fe nin da súa realidade nin da causa do mesmo, limitáronse a recoller o relato dos feitos efectuado polo reclamante e a deixar constancia dos danos físicos que presentaba o mesmo. O Sr. Calveira límitase a aportar como probas uns partes médicos e fotografías de varias prendas de roupa manchadas de pintura, que proban que o reclamante sufriu determinados danos persoais e materiais, pero non demostran nin o lugar onde tiñan acaecido nin a causa dos mesmos.

A vista destes datos a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Calveira Lago por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1770).- RECLAMACIÓN DE D^a. CLOTILDE GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1081/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Clotilde González Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de maio de 2006, no que expón que o día 21 de maio de 2006, mentres camiñaba polo Paseo do río Lagares, sufriu unha caída tras tropezar contra unha plaqueta do chan, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/06/2006, sobre o estado do lugar onde a Sra. González manifesta ter ocorrido o accidente.*
- b) Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 04/07/2006, no que indican que dos danos debe responder a concesionaria Cespa.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 969,98 euros.*
- d) Informe do servizo da Policía Local, de data 26/09/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- e) Evacúse trámite de audiencia á empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, que formula alegacións en data 04/10/2006.*
- f) Evacúse trámite de audiencia á reclamante, en data 11/10/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o establecemento e mantemento de parques e xardíns , aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. A Xunta de Goberno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2005, acordou adxudicar a CESPA, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., a xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo da Xunta de Goberno en data 8 de novembro de 2004 e modificado posteriormente en data 29 de novembro do mesmo ano, contrato outorgado por un prazo de 8 anos, contado a partir do 1 de maio de 2005, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

Consonte o establecido no artigo 97.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”. Así mesmo, o Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, no apartado 1º c) da cláusula XIX establece entre as obrigas do adxudicatario “responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo, tanto a Administración municipal como a terceiros”. Neste senso, a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel á empresa contratista.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que a Xefatura da Policía local informa non ter intervido con ocasión do accidente obxecto da presente reclamación. A Sra. González límitase a aportar como probas uns partes médicos, que proban que sufríu determinados danos persoais , pero non demostran nin o lugar onde tiñan caecido nin a causa dos mesmos.

A vista destes datos a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Clotilde González Domínguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1771).- RECLAMACIÓN DE D. SANTIAGO COSTAS GRIMÁLDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1052/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Sergio Limia Prado presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Santiago Costas Grimáldez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de maio de 2006, no que expón que, o día 12 de outubro de 2005, mentres o Sr. Costas camiñaba pola rúa Santamarta, á altura do número 1, sufriu unha caída por mor do deficiente estado dun sumidoiro, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía local, de data 12/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Costas relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia das lesións no reclamante e dos desperfectos da beirarrúa.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 30/05/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, no que indican que o lugar fora arranzado varias veces pero que se deteriora con frecuencia ó montaren os vehículos na beirarrúa.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.733,79 euros.*
- d) Evacuáse trámite de audiencia ó reclamante, en data 22/09/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Don Santiago Costas Grimáldez foi atendido no servizo de Urxencias de Povisa o 12/10/2005 de lesións que en ditame médico solicitado ó efecto e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución valóranse en 3.733,79 euros ó estimarse a duración da súa curación en 90 días dos que 45 son totais e 45 parciais.
- A Policía Local acudiu ó lugar onde o reclamante refire que caeu á seu requirimento, non presenciando os feitos, e este maniféstalles tanto a caída como as circunstancias nas que tivo lugar, observando que tiña o pé esquerdo cunha gran inchazón.
- O informe de Vías e Obras constata que no mencionado lugar hai desperfectos na beirarrúa que ocupa 1 m² e é visíbel a 2 metros de distancia.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións do interesado, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que el indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire o paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique

verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impidise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Surpemo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación. A isto non sería óbice o feito de levar a súa filla en brazos como manifesta, feito do que non se lle pode imputar á Administración e que tería que compelerlle a prestar unha maior atención.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Santiago Costas Grimáldez por unha caída ocorrida o día 12 de outubro de 2005 na rúa Santamarta, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1772).- RECLAMACIÓN DE D. DANIEL TRELLES RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1055/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Daniel Trelles Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de maio de 2006, no que expón que o día 12 de maio de 2005, mentres circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula C-2779-BGF, pola confluencia do Camiño Sixtro co Camiño Roxo, sufriu unha caída co seu ciclomotor tras introducir a roda dianteira do mesmo nunha arqueta aberta da recollida de augas pluviais, provocándose danos físicos á súa persoa e materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 12/05/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Trelles relátalles o accidente que tivera sendo trasladado á continuación ó Sanatorio Concheiro; igualmente, comprobán a existencia de danos no ciclomotor accidentado e da reixa á que proceden sinalizar.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29/05/2006, no que indican o lugar do accidente foi reparado no mes de xullo de 2005.*
- c) Informe do servizo do Parque Móbil, de data 21/06/2006, indicando que un dos respostos incluídos na factura nº 001139/2005 de Talleres Hermida, en concepto de escape, é cuestionábel, o que faría un total de importe de 1.465,96 euros, IVE incluído.*

- d) *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.742,40 euros.*
- e) *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 18/09/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade cos ditames números 135/2006 e 45/1997, entre outros, do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así:

- a) *reclamante recibiu asistencia médica en data 12/05/2005 tras sufrir accidente de tráfico diagnosticándosele lesións que en ditame médico solicitado ó efecto, e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, valóranse en 1.742,40 euros á vista do informe médico presentado e considerando 60 días de incapacidade parcial e sen secuelas.*

- b) *Se ben no informe de alta médica de 13/05/2005 que o reclamante achega consta que se procede a esta para o continuar a tratamento médico co médico de cabeceira, non hai no expediente informe médico deste que prescriba os tratamentos médicos cuxas facturas se achegan nin tampouco a rehabilitación efectuada, e que polo tanto enlace esas visitas e tratamento coas lesións padecidas polo accidente. Destacar que o ditame médico solicitado por esta Administración e mencionado no parágrafo anterior chama a atención sobre as ditas consultas e rehabilitación cando considera ó sumo 60 días de curación.*
- c) *Os medicamentos adquiridos cuxo importe se reclaman non son os que constan prescritos na asistencia médica polo accidente, co que non se acredita ningunha relación con esta.*
- d) *Tampouco se acredita a dita relación no que respecta ás facturas de taxi presentadas, tanto por canto os percorridos sono a unha asistencia non prescrito tal e como se dixo no parágrafo anterior, como polo importante número de tachaduras e enmendas que presentan algunhas, con discordancias no mesmo percorrido que oscilan dun prezo de 40 a 100 euros.*
- e) *Segundo informe da Policía Local de data 06/02/2006 e parte do servizo desta de 12/05/2005 que acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade a que estes tiveron lugar recollendo as manifestacións do reclamante de como tivo lugar o accidente, non se observou ningún dano en casco protector, polo que tampouco resultan probados estes a consecuencia dos feitos.*
- f) *Informe do servizo do Parque Móbil sobre a factura presentada por danos no ciclomotor cuestiona o importe do repostado do “escape”.*
- g) *Non se solicitou polo reclamante que se practicase proba testifical. Non obstante, consonte cos informes policiais resultou accidentado no mesmo suceso, ó ir con el no ciclomotor, D. Pablo Giráldez Alonso, que resulta ser polo tanto a única testemuña presencial dos feitos, polo que as súas declaracións cobran especial valor para demostrar o nexo causal preciso entre os danos causados e o funcionamento dun servizo público municipal. E resulta que hai no expediente copia da denuncia que presenta ó Xulgado de Instrución nº 6 de Vigo en data 22/07/2005 e que achega o propio reclamante, na que nos feitos nos que esta se fundamenta manifesta que o 12/05/2005 sufriu o accidente de circulación cando ía como pasaxeiro da motocicleta Yamaha C-2779-BGF conducida polo reclamante a consecuencia dunha caída por un despiste deste sen intervención de outro vehículo, sen facer polo tanto referencia á arqueta como causa do sinistro.*

De todo o que resulta que se ben a Policía Local observou no lugar ó que foi requirida unha arqueta coa tapa desprazada ó soltarse o bordo dela, non resulta en absoluto acreditado que o accidente o fose a consecuencia desta, por canto a única testemuña directa deste sitúa a súa causa nun despiste do condutor e o informe da Policía Local recolle os feitos que lle manifesta o propio interesado.

As manifestacións do interesado como única proba, segundo ten dito o Consello Consultivo de Galicia (ditame 461/2006 entre outros) non pasan de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións xustifican verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. Por todo o que procede desestimar a reclamación efectuada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Daniel trelles Rodríguez polos danos ocasionados durante unha caída acaecida o día 12 de maio de 2005 no camiño Sixtro, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1773).- RECLAMACIÓN DE D^a. JULIA VÁZQUEZ SALGADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1088/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Julia Vázquez Salgado presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de maio de 2006, no que expón que o día 24 de maio de 2006, mentres camiñaba pola rúa Salamanca, á altura do número 7, sufriu unha caída por mor do mal estado do pavimento, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 24/05/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, pesoados no lugar dos feitos, a Sra. Vázquez relátalles o accidente que tivera, sendo trasladada ó Hospital xeral para asistencia médica; igualmente, comprobán a existencia dun afundimento na calzada e un lastro solto.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/06/2006, sobre o estado do lugar no que ocorreu o accidente, indicando que o desperfecto aínda non fora reparado.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.045,44 euros.*
- d) Evacuáse trámite de audiencia á reclamante, en data 20/10/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, reclamando o parte de servizo correspondente a actuación realizada por mor do accidente e citou á testemuña proposta pola Sra. Vázquez. No entanto, a testemuña, citada en forma, non compareceu, e tanto a Policía Local como o servizo de ambulancias do 061 acudiron ó lugar dos feitos con posterioridade a caída, polo que a informante estima que se ben non existe dúbida do feito da caída da reclamante na rúa Salamanca o día de autos, pola contra, non existe proba ningunha que relacione dita caída coa existencia dun defecto na beirarrúa, defecto, por outra banda, que é perfectamente visible a distancia e cuxa existencia se presume era coñecida pola Sra. Vázquez que ten o seu domicilio habitual na rúa onde ocorreu o accidente. Á vista destes datos, a informante conclúe que non existindo dúbida da realidade da caída da Sra. Vázquez na rúa Salamanca, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Julia Vázquez Salgado por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1774).- RECLAMACIÓN DE D. JESÚS ALBECETE PÉREZ (TRANSFERAL S.L.) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1090/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Jesús Albacete Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da entidade Transferal S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 1 de xuño de 2006 no que expón que o día 8 de novembro de 2005, o vehículo de propiedade da dita entidade, con matrícula PO-2822-AL, sufriu unha serie de danos de carácter material por mor dunha inundación acaecida na rúa Julián Estévez, á altura do número 34; valora os ditos danos na cantidade de 2.426,29 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo da Policía Local, de data 06/06/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- b) Informe do servizo de Bombeiros, de data 28/06/2006, sobre a intervención nos feitos mencionados e no que indican que no día en cuestión houbo varias intervencións de bombeiros por mor da forte chuvia que caera.*
- c) Informe do servizo da Policía Local, de data 13/07/2006 sobre a súa intervención no lugar por mor doutro accidente.*
- d) Informe do Parque Móbil, de data 05/10/2006, comunicando que os prezos contidos na factura nº R030807 de Automecánica Sermovil S.A.L., presentada polo reclamante, por un importe de 2.426,29, IVE incluído, son correctos.*
- e) Partes do servizo da Policía Local, de datas 07/01, 20/01 e 15/07 de 2003 e 08/08, 10/10, 19/10 e 22/10 de 2004, sobre diferentes intervencións no lugar dos feitos.*
- f) Cítase proba testifical ás testemuñas propostas polo reclamante, proba que non ten lugar ó non compareceren as testemuñas citadas á mesma.*
- g) Evacuase trámite de audiencia ó reclamante en data 29/03/2007, que non formula alegacións.*
- h) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións en data 31/05/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991. O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local e ó servizo de bombeiros, por se tiveran constancia do accidente, e procedeu a citar as testemuñas propostas. No entanto, a Xefatura da Policía Local informa non ter noticia do accidente do Sr. Albacete, no parte das actuacións levadas a cabo polo servizo de bombeiros por mor das inundacións na rúa onde ocorreu o presunto accidente non consta que se lle teña prestado asistencia e a testemuña proposta, citada en forma, non compareceu no día sinalado para a práctica da proba testifical. A única proba achegada en xustificación dos danos é unha factura dun taller de reparación de vehículos, que proba que o seu vehículo na data da factura presentaba determinados danos, pero non demostran nin o lugar onde tiñan acaecido nin a causa dos mesmos. Ademais, citado en forma o representante do mencionado taller para testificar sobre o importe da factura e a correspondencia dos danos reparados cos descritos no parte policial, este non compareceu. Á vista

destes datos a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Jesús Albacete Pérez en nome e representación da entidade Transferal S.L. por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1775).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA ELENA AYRA LUSQUIÑOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1084/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Elena Ayra Lusquiños presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de maio de 2006, no que expón que o día 23 de maio de 2006, mentres camiñaba pola avenida Portanet (Ponte romana), sufriu unha caída, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 25/05/2006, no que os axentes actuantes manifestan que a Sra. Ayra relátalles o accidente que tivera dous días antes e constatan a existencia de feridas na reclamante; persoados no lugar dos feitos (Travesía da Ponte Romana, á altura do número 6), comprobán a existencia da focha e de restos de sangue.*
- b) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 21/06/2006, sobre o estado do lugar onde a Sra. Ayra manifesta ter ocorrido o accidente.*
- c) Práctica de proba testifical, en data 11/08/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Ayra.*
- d) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 435,60 euros.*
- e) Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 18/10/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constataada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que os axentes actuantes acudiron ó lugar a instancia da Sra. Ayra dos días despois do accidente e non presenciaron a caída, polo que non poden dar fe nin da súa realidade nin da causa da mesma, limitáronse a recoller o relato dos feitos da reclamante e a deixar constancia da existencia

dunha focha no lugar onde a reclamante manifesta ter caído. Esta límitase a aportar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. María Elena Ayra Lusquiños por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1776).- RECLAMACIÓN DE D^a . CARMEN BOQUETE BEQUET DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 923/243. RESPONSABLE VIGUESA DE TRANSPORTES S.L.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Boquete Bequet presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 10 de xaneiro de 2006, sufriu unha caída dentro dun autobús de transporte público de Vitrasa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe de Viguesa de Transportes, S.L., concesionaria do servizo de transporte público, de data 14/02/2006.*
- b) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.634,10 euros.*
- c) Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Viguesa de Transportes, que formula alegacións en data 07/06/2006.*
- d) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 29/06/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No expediente consta un danos avaliábel economicamente, isto é, lesións a consecuencia do incidente, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 1.203,10 euros, así como a rotura duns anteollos por importe de 431 euros, segundo factura achegada.

No tocante ó nexo de causalidade entre estes danos e o funcionamento dun servizo público municipal, do exame da documentación obrante no expediente, en concreto parte de incidencias achegado por Vigueta de Transportes S.L., resulta acreditado que a reclamante, de 75 anos de idade, sufriu un accidente en data 10/01/2006 cando viaxaba como pasaxeira dun autobús da concesionaria a consecuencia dun brusco frenazo realizado polo condutor ante a manobra doutro vehículo, resultando lesionada e rompendo os seus anteollos.

Terceiro.- O Concello de Vigo, de conformidade cos artigos 25.2.ii e 26.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, ten asumidas competencias no servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros. Consecuentemente resulta obrigado a garantir a seguridade daqueles cidadáns que o utilicen.

Non obstante, e se ben o danos e produce no marco dun servizo público ou actividade da Administración, este servizo está asumido por un concesionario, xa que o Pleno do Concello, en sesión de data 16/09/1994, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo á empresa Vigueta de Transportes S.A.

Os artigos 128.1.3º do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17/06/1955, e o artigo 121.2 da Lei de expropiación forzosa de 16/12/1954 impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que ocasiona o funcionamento do servizo. O artigo 123 da mesma lei establece que a reclamación ten que se dirixir á Administración que outorgou a concesión, a que resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización sobre quen a debe pagar. A resolución que adopte deixará aberta a vía contencioso-administrativa que poderán utilizar o particular e o concesionario, no seu caso.

E así, no Prego de condicións da concesión administrativa do Transporte urbano colectivo, aprobado polo Concello en Pleno o día 26/05/1994, que define os dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato, establécese no seu título II, relativo á prestación dos servizos, cláusula número 33, parágrafo 2, relativo ás relacións cos usuarios, que o concesionario responderá ante eles de cantos prexuízos lles ocasione, cando os mesmos poidan ser atribuídos á culpa ou negligencia da empresa ou dos seus traballadores e, en todo caso, cando se trate de danos derivados do funcionamento do servizo.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Carmen Boquete Bequet polos danos sufridos o día de xaneiro de 2006, cando viaxaba nun autobús urbano de transporte público.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Viguera de Transportes S.L., empresa concesionaria do servizo municipal de transporte de viaxeiros, de conformidade co establecido no prego de condicións da concesión administrativa do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á Sra. Boquete na contía de 1.634,10, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1777).- RECLAMACIÓN DE D. ALFONSO DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1047/243. RESPONSABLE UTE CONTENUR S.L./OTTO INDUSTRIAL S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alfonso Domínguez Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de abril de 2006 no que expón que o día 18 de febreiro de 2006, o vehículo de súa propiedade, matrícula 3863-BZT, atopábase estacionado na rúa Canadelo Alto, e foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 18/02/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Domínguez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo e un colector desprazado apoiado contra o mesmo que non tiña ningún tipo de freo nas rodas.*
- b) Informe do servizo de Limpeza, de data 11/05/2006, indicando non teren máis constancia dos feitos reclamados que os recollidos no parte do servizo da Policía Local.*
- c) Informe do Parque Móbil, de data 01/06/2006, comunicando que os prezos contidos na factura nº 12/006 de Plastimoto, presentada polo reclamante, por un importe de 612,48 euros IVE incluído, son correctos.*
- d) Informe do servizo de Limpeza, de data 23/06/2006.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 03/07/2006.*
- f) Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de recollida de lixo, que formula alegacións en data 17/07/2006.*
- g) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 03/08/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica e que a causa do choque foi o desprazamento polo vento do colector de lixo, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son subministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, colectores subministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto lexislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:

- Do informe da Policía Local que hai no expediente, acréditase que o vehículo matrícula 3863-BZT, marca Citroen Xsara, sufriu o 18/02/2006 danos no portón traseiro e aboladura na chapa cando se atopaba correctamente estacionado ó impactar contra el un colector de lixo que os axentes comprobaron que non tiña ningún sistema de freado nas súas rodas, por causa do temporal que había.*
- Os danos que foron reparados por 612,48 euros estimáronse correctos polo servizo do Parque Móbil.*

Do anterior, resulta que sendo as condicións climatolóxicas adversas, sen que resulte acreditada non obstante ningunha causa de forza maior, o colector, que non tiña o seu sistema de freado, foi desprazado por circunstancias da climatoloxía ata a calzando, topando co vehículo que estaba estacionado no lugar, polo que é obvio que nos atopamos ante un dano que é consecuencia directa do funcionamento dun servizo público que o particular non ten a obriga xurídica de soportar, ó estar o colector deteriorado no seu sistema de freado.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.

Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, imponen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel. No mesmo senso pronunciase o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de respostar de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alfonso Domínguez Rodríguez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Contenur S.L./ Otto Industrial S.A., concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rixe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 612,48 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1778).- RECLAMACIÓN DE D^a. DOLORES NAVEIRO ORDÓÑEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1049/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Dolores Naveiro Ordóñez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de abril de 2006, no que expón que o día 12 de marzo de 2006, mentres camiñaba polo Cemiterio de Pereiró, sufriu unha caída ó tropezar nunha focha existente entre dous quioscos, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) *Parte do servizo da Policía Local, de data 12/03/2006, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos, Dna. Dolores López Rodríguez relátalle o accidente que tivera a Sra. Naveiro que fora trasladada ó Hospital Povisa; igualmente comproba a existencia da focha. Persoado no Hospital Povisa, o médico que atendera a Sra. Naveiro relata as lesións sufridas por ela.*
- b) *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/05/2006, no que indican que a focha causante do accidente corresponde ó lugar onde houbera unha árbore antes de que esta fose tallada.*
- c) *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 09/06/2006, no que indican que dos danos causados debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.*
- d) *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.952,06 euros.*
- e) *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 09/10/2006.*
- f) *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 16/10/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel

como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local acordou adxudicar a Cespa S.A., na súa sesión de 29 de marzo de 2005, o concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación, formalizándose o contrato o 6 de xuño de 2005 en documento onde Cespa S.A. compromete á prestación do servizo con estrita suxeición ós pregos de condicións aprobados.

O prego de bases técnicas do contrato na súa cláusula 4.2.2 establece que o adxudicatario queda obrigado á reparación ou substitución e mantemento de todos os elementos incluídos no perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia ben sexa polo seu propio uso dos mesmos ou como consecuencia de actos vandálicos sufran un grao de deterioro que fagan aconsellábel a súa reposición, considéranse a estes efectos como elementos non vexetais entre outros as varandas, baldosas, valados, etc... Hai informe no expediente do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 09/06/2006 no que se atribúe o mantemento da zona a Cespa S.A.

Por outra banda o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece como obriga do contratista a de indemnizar os danos e perdas que lle causen a terceiros as operacións de execución do contrato, salvo naqueles supostos do número 2 do mesmo artigo, correspondéndolle a Administración competente resolver tanto sobre a procedencia da indemnización como quen a debe pagar (artigos 123 da Lei de 16 de decembro de 1954, Lei de Expropiación Forzosa).

Cuarto.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditado que:

- Do atestado da Policía Local que acudiu ó lugar da caída con posterioridade ós feitos e ó Centro médico Povisa que Dna. Dolores Naveiro Ordóñez caeu nas inmediacións do Cemiterio de Pereiró, lesións que se valoran en ditame médico ó efecto en 2.572,14 euros. Non se acreditan secuelas na interesada.
- Do informe do servizo de Vías e Obras que no lugar hai un burato no asfalto no lugar onde no seu día houbera unha árbore, ocupando 0,50 m² e sendo visíbel a 5 metros.
- Se ben non se practicou ningunha proba testifical a instancias da recorrente, o parte da Policía Local recolle as manifestacións da propietaria dun quiosco das inmediacións, consonte caeu na fochanca existente.
- Non resulta acreditado que os gastos dunhas medias un mes despois da caída teña relación con esta nin que fose prescrito medicamente e tampouco que os gastos de taxi de 28/04/2006 nos que non consta nin a orixe nin o seu destino nin quen os utilizou garden relación con iso.

En todo caso, do exame do expediente non resulta acreditado que o accidente tivese lugar ó introducir o pé a reclamante na mencionada fochanca, por canto descoñécese as circunstancias nas que a caída tivo lugar por canto a testemuña que fala coa Policía Local límitase a indicar que caeu no lugar e a Policía Local que acudiu fíxoo con posterioridade e nun momento en que a interesada xa non se atopaba nel.

Ademais e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a

reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano e, seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Dolores Naveiro Ordóñez por unha caída ocorrida o día 12 de marzo de 2006 no Cemiterio de Pereiró, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1779).- RECLAMACIÓN DE D^a. AMPARO IGLESIAS SOUSA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1085/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Amparo Iglesias Sousa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de maio de 2006, no que expón que o día 27 de marzo de 2006, mentres camiñaba pola avenida Buenos Aires, sufriu unha caída debida a existencia de fochas na vía e da mala iluminación, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/10/2006, sobre o estado do lugar onde a manifestante afirma ter ocorrido o accidente, no que confirman a existencia de fochas e a ausencia de iluminación.*
- b) Informe do servizo de Electromecánicos, de data 21/11/2006, sobre a iluminación existente no lugar dos feitos.*
- c) Informe do servizo da Policía Local, de data 12/12/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- d) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.078,08 euros.*
- e) Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 30/03/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludibel de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que a Xefatura da Policía local informa non ter intervido con ocasión do accidente obxecto da presente reclamación. A Sra. Iglesias límitase a aportar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non dan fe nin o lugar da caída nin da causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Amparo Iglesias Sousa por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1780).- RECLAMACIÓN DE D. SALVADOR MONTES PORTELA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1098/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Salvador Montes Portela presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xuño de 2006, no que expón que o día 6 de abril de 2006, mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, á altura do quiosco próximo á rúa Antón Beiras, sufriu unha caída por mor dunhas baldosas soltas da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Informe do servizo da Policía Local, de data 16/06/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- b) Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 25/09 e 17/10/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que na data do informe a posíbel anomalía xa fora arranxada.*
- c) Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 542,40 euros.*
- d) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 10/04/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludibel de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instructor dirixiuse á Policía Local e o servizo de vías e obras, por se tiveran constancia do accidente, dado que o reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que, nin a Xefatura da Policía local taller de vías e obras teñen noticia do presunto accidente. Así mesmo, realizada inspección ocular por un inspector do servizo de vías e obras tras ser presentada a denuncia, este informa que la posible anomalía se atopa subsanada, no entanto non consta a realización de obras na zona en datas próximas á da caída. O Sr. Montes en xustificación dos danos reclamados límitase a aportar unha folla de asistencia no servizo de urxencias da clínica POVISA, informes médico que proba que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Salvador Montes Portela por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1781).- RECLAMACIÓN DE D^a. TAMARA UCHA GROBA (D^a. DIANA MARÍA LAGO ANTOLÍN) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1099/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 21.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Tamara Ucha Groba presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. Diana María Lago Antolín, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xuño de 2006, no que expón que o día 11 de novembro 2005, ó circular a Sra. Lago co vehículo de súa propiedade, con matrícula 6940-BXW, pola avenida de Doña Fermina pasou por encima dun sumidoiro sen tapa, o que lle causou danos materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 11/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. lago relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobaban os danos producidos no vehículo e a existencia dun sumidoiro cuxa tapa se atopaba fóra de sitio.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/06/2006, sobre o lugar do accidente no que indican que había unha tapa de sumidoiro rota no lugar e que a mesma era de difícil apreciación desde un vehículo circulando a velocidade normal.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 02/10/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Comercial Automoto, presentado pola reclamante, por un importe de 244,97 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 15/12/2006.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 06/11/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, otorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Tras o exame do expediente, en especial do parte de servizo da Policía Local de Vigo de data 22/09/2005, así como do informe evacuado pola concesionaria en trámite de audiencia recoñecendo a súa responsabilidade nos feitos. Dos danos achégase factura de reparación por importe de 244,97 euros, que o servizo do Parque Móbil estima correcta en relación cos danos descritos no parte policial.

Cuarto.- Consonte o artigo 123 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa as reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, dirinxiráselle á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a

procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente produxose debido a existencia dunha arqueta desprazada da súa ubicación orixinal, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle a concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Tamara Ucha Groba en nome e representación de Dna. Diana María Lago Antolín.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 244,97 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1782).- RECLAMACIÓN DE D. EUGENIO CABALEIRO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1091/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 21.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Eugenio Cabaleiro González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de xuño de 2006 no que expón que o día 26 de marzo de 2006, mentres circulaba por Valladares co vehículo da súa propiedade, matrícula PO-3681-AN, foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- a) Parte do servizo da Policía Local, de data 26/03/2006, no que o axente actuante manifesta que, persoado no lugar dos feitos (avenida de Castrelos nº 360), o Sr. Cabaleiro relátalle o accidente que tivera; igualmente comproba os danos no vehículo e que o colector fora recolocado na beiravía, podendo ter sido desprazado polo forte vento.*
- b) Informe do servizo de Limpeza, de data 21/07/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- c) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 30/11/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº 35/06 de Talleres San Benito C.B., presentado polo reclamante, por un importe de 760,04 euros IVE incluído, resultan razoábeis.*

- d) *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenor-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 13/12/2006.*
- e) *Evacúase trámite de audiencia á empresa Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 22/12/2006.*
- f) *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 29/12/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) *dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local por se tivesen constancia do accidente, dado que o reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos,

resultando que cando os axentes actuantes acudiron ó lugar a instancia do Sr. Cabaleiro o accidente xa tiña acaecido, polo que non poden dar fe nin da súa realidade nin da causa do mesmo, limitáronse a recoller o relato dos feitos efectuado polo reclamante e a deixar constancia dos danos que presentaba o vehículo. É de destacar, que á chegada dos axentes o colector non estaba no medio da calzada, senón que estaba colocado no seu emprazamento orixinal e ademais, a empresa encargada do mantemento dos colectores manifesta a “inexistencia de danos, desperfectos, deformación ou simple rozadura en ningún dos colectores instalados por esta empresa na zona á que se refire a denuncia, nin deficiencia ningunha nos freos dos colectores”. O Sr. Cabaleiro límitase a achegar como proba dos feitos unha factura dun taller de reparación de vehículos, que proba que o seu vehículo na data da factura presentaba determinados danos, pero non demostra nin o lugar onde acaeceran nin a causa dos mesmos. Á vista destes datos a informante conclúe que o reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Eugenio Cabaleiro González por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1783).- RECLAMACIÓN DE D. DAVID OCAMPO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1094/243. RESPONSABLE UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A.- ELECTRONIC TRAFIC S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 21.09.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. David Ocampo Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de xuño de 2006, no que expón que os días 1 e 2 de xuño, empregados da empresa Esycsa estiveron realizando o pintado dos semáforos no cruce de Ramón Nieto con Martínez Garrido e mancharon o vehículo da súa propiedade matrícula 5938 DFY.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- e) Informe do servizo de Parque Móbil, de data 02/10/2006, manifestando que comprobaron os danos ocasionados no vehículo e que os prezos contidos no presuposto de Rafer S.L., presentado polo reclamante, por un valor de 388,09 euros IVE incluído son correctos.*
- f) Informe do servizo da Policía Local, de data 18/10/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- g) Evacúase trámite de audiencia a Esycsa, concesionaria do servizo de mantemento de semáforos, en data 27/10/2006, que non formula alegacións.*

h) Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 28/11/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- e) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- f) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- g) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- h) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o mantemento das instalacións da rede semaforica, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.b da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia), e entre os medios materiais que se empregan para a súa prestación intégrase a rede semaforica. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de abril de 2003, acordou adxudicar o concurso para a contratación dos servizos públicos de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria á Unión temporal de empresas formada por “Equipos de Señalización y Control, S.A.” e “Electronic Trafic, S.A.”, formalizándose o contrato en data 25 de xullo do mesmo ano. O prazo contractual é de 16 anos, polo que se atopaba en vigor na data do accidente obxecto do presente procedemento.

Cuarto.- Consonte o establecido no artigo 97.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”. Así mesmo, a cláusula XVI do prego de condicións xurídicas, económicas e administrativas para a contratación mediante concurso do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación,

subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria, impón ó contratista a obriga de indemnizar os danos e perdas que poidan producirse a terceiros ou á propia Administración municipal como consecuencia do funcionamento do servizo (apartado 1.k). Neste senso, a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Quinto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia dos danos alegados, sendo así que, tras atopar o seu vehículo manchado, o Sr. Ocampo non chamou a Policía Local, polo que a xefatura informa non ter noticia dos feitos denunciados. No entanto, segundo manifesta o reclamante, tras o accidente púxose en contacto coa empresa concesionaria, a cal lle remitiu ó Concello. Unha vez interposta a reclamación de responsabilidade patrimonial, e durante a instrución do expediente, o instrutor, en primeira instancia, antes de practicar ningún outro trámite, solicitou informe sobre os feitos á empresa contratista, e unha vez concluída a instrución concedeuulle trámite de audiencia, sen obter resposta. Por outra banda, o Sr. Ocampo, a requirimento de esta Administración, presentou o vehículo nas instalacións do servizo de parque móbil para que procedesen a examinar os danos, resultando probado que o mesmo presentaba manchas de pintura. Á vista destes datos, a informante conclúe que é presumíbel que a pintura do vehículo correspondese á empregada pola contratista para o pintado da rede semaforica, e que esta mercantil tivo a oportunidade de negar os feitos e achegar ó expediente as probas oportunas na defensa do seu dereito durante a instrución do expediente, interpretándose o seu silencio como unha aceptación tácita dos feitos.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. David Ocampo Pérez polos danos materiais sufridos no seu vehículo matrícula 8266-CTL.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á Unión temporal de empresas formada por “Equipos de Señalización y Control, S.A.” e “Electronic Trafic, S.A.”, empresa adxudataria do contrato do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria, de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, e na cláusula XVI do prego de condicións xurídicas, económicas e administrativas que rexeu o concurso para a adxudicación do devandito contrato, a cal debe indemnizar ó reclamante na contía de 388,09 euros, correspondente o valor de reparación do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1784).- GASTOS DE LOCOMOCION DE DIVERSOS SERVICIOS (AGOSTO 2007). EXPTE. 17534/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.07.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 14.09.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 3.091,84 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de OSPIO-Vías e Obras, Seguridade, Parque Móbil, Educación, Benestar Social, Cemiterios e Personal con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
5110	OSPIO	410,02
5110	Vías e Obras	1236,08
2220	Mobilidade e Seguridade	710,79
3130	Benestar Social	8,30
1212	Parque Móbil	420,75
1211	Persoal	78,28
4220	Educación	128,44
4430	Cemeterios	99,18
	TOTAL	3091,84

37(1785).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS, SEN SER OFICIAIS, DO PERSOAL DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS- 2º TRIMESTRE 2007. EXPTE.3866/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.09.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 30.08.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Servizo de Montes, Parques e Xardíns da relación que se achega no expediente e que comeza por D Alfonso Alonso Rodriguez e remata por D Jose Antonio Lodeiro Covelo, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 1140,48 €, correspondentes ó 2º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

38(1786).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE REDUCCIÓN DE XORNADA DE Dª SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. EXPTE. 17535/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 6.09.07, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 24 de agosto pasado, D^a Silvia Taboada González, n^o de persoal 79158, con posto de Auxiliar de Administración Xeral, adscrita ó Departamento de Asesoría Xurídica, solicita que se lle conceda unha redución de xornada de 9,00 a 14,00 horas, a partir do 17 de setembro de 2007.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro. O art. 11 .c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal o Servizo do Concello de Vigo, "Xornadas Reducidas", establece: "Quen, por razón de garda legal, teña o seu coidado directo un menor de 6 anos, ou aún diminuído físico ou psíquico terán dereito a unha redución de xornada de 1/3 ou 1/2 coa redución proporcional de retribucións.

Segundo.- Polo que respecta a interesada, cumpre informar que reúne os requisitos indispensables de contar con complemento de destino ou equiparación inferior o 28, e sempre que no resulte incompatible coa natureza do posto e cos fins do centro de traballo, de acordo co manifestado no Informe emitido polo Titular de Asesoría Xurídica con visto e prace do Concelleiro Delegado da Área.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, adopte a seguinte resolución:

"Autoriza-la redución de xornada por interese particular de 9,00 14,00 horas solicitada por D^a Silvia Taboada Fernández (n^o de persoal 79158), con posto de auxiliar de administración xeral, adscrita o Departamento de Asesoría Xurídica, coa correspondente redución ata o 75% da súa retribución actual, de conformidade co previsto no art. 11.c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo a partir do día 17 de setembro de 2007".

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

39(1787).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a ANGÉLICA RODRÍGUEZ BERTOMEU. EXPTE. 17528/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 6.09.07, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada en Rexistro Xeral 10 de setembro de 2007, D^a Angelica Rodríguez Bartomeu, n^o persoal 22036, Xefa de Negociado Administración de Tributos, adscrita a dito Servizo, solicita se lle conceda unha redución de xornada de hora e media ó inicio da xornada, a partir do mes de outubro de 2007.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.-Dita petición é informada favorablemente pola Concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007 sobre delegacións nos concelleiros de área.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Area de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autoriza-la redución de xornada de D^a Angelica Rodríguez Bartomeu, , nº persoal 22036, Xefa de Negociado Administración de Tributos, adscrita a dito Servizo, nunha hora e media ó inicio da xornada, quedando establecida a súa xornada laboral de 9,15 a 15,00 horas a partir do 1 de outubro de 2007, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público”

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

40(1788).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a MARÍA DEL CARMEN SOTO FERNÁNDEZ. EXPTE. 17537/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 6.09.07, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 7 de agosto pasado, D^a Carmen Soto Fernández, nº de persoal 23484, con postoo de aux. administrativa, adscrita ó Departamento de Administración e Tributos, solicita que se lle conceda unha redución de xornada de 1 hora, de 9,00 a 15,00 horas, a partir do día 20 de setembro de 2007.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro. O art. 11 .c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal o Servizo do Concello de Vigo, “Xornadas Reducidas”, establece: “Quen, por razón de garda legal, teña o seu coidado directo un menor de 6 anos, ou aú diminuído físico ou psíquico terán dereito a unha redución de xornada de 1/3 ou ½ coa redución proporcional de retribucións.

Segundo.- Con data 4 de setembro, dita petición é informada favorablemente pola Concelleira-Delegada de Economía e Facenda de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007 sobre Delegacións nos Concelleiros de área.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, adopte a seguinte resolución:

“Autoriza-la redución de xornada de D^a Carmen Soto Fernánde (n^o de persoal 23484), técnica de actividades culturais e educativas, adscrita o Servizo de Voluntariado, quedando establecida a súa xornada laboral de 9,00 a 15,00, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 11.c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo a partir do día 20 de setembro de 2007”.

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

41(1789).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a BEATRIZ GÓMEZ OURO. EXPTE. 17334/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 6.09.07, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 10 de maio pasado, D^a Beatriz Gómez Ouro, n^o de persoal 22622, técnica de actividades culturais e educativa, adscrita ó Servizo de Voluntariado, solicita que se lle conceda unha redución de xornada de 90 minutos, ó final da xornada de con que o seu horario queda establecido de 8,00 a 12,30 horas méntas dure a xornada de verán e de 8,00 a 13,30 horas durante o inverno, a partir do 1 de setembro de 2007.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro. O art. 11 .c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal o Servizo do Concello de Vigo, “Xornadas Reducidas”, establece: “Quen, por razón de garda legal, teña o seu coidado directo un menor de 6 anos, ou aú diminuído físico ou psíquico terán dereito a unha redución de xornada de 1/3 ou 1/2 coa redución proporcional de retribucións.

Segundo.- Dita petición é informada favorablemente polo Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007 sobre Delegacións nos Concelleiros de área.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, adopte a seguinte resolución:

“Autoriza-la redución de xornada de D^a Beatriz Gómez Ouro (n^o de persoal 22622), técnica de actividades culturais e educativas, adscrita o Servizo de Voluntariado, quedando establecida a súa xornada laboral de 8,00 a 12,30 mentres dure a xornada de verán e de 8,00 a 13,30 horas durante o inverno, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 11.c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo a partir do día 1 de setembro de 2007”.

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

42(1790).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE PERMISO NON RETRIBUÍDO DE D. RAMÓN VÁZQUEZ RIAL. EXPTE. 17529/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 11.09.07, que di o seguinte:

A medio de escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 10 de setembro de 2007, nº documento 70099847, D. Ramón Vázquez Rial, núm. persoal 13273, Inspector Auxiliar de Infraestructuras, adscrito ó Servizo de Vías e Obras, solicita un permiso non retribuído de tres meses, a partir do día 1 de outubro de 2007.

En relación con dita solicitude emítase o seguinte informe:

- 1º.- *O solicitante leva prestando servizos neste Concello de Vigo dende o ano 1981.*
- 2º.- *Que o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, no seu art. 17.c) contempla o dereito dos empregados municipais a un permiso non retribuído por asuntos persoais de seis meses cada cinco anos ou doce meses cada dez anos..*
- 3º.- *O interesado non disfrutou de ningún permiso deste tipo no período dos dez últimos anos.*
- 4º.- *Así mesmo, dito acordo contempla que poderá concederse sempre que as necesidades do servizo o permitan, existindo informe favorable do xefe do servizo, coa conformidade da Concelleira-delegada da Area.*

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón ó Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal a adopción do seguinte Resolución:

“Autorizar a un permiso non retribuído a D. Ramón Vázquez Rial, núm. persoal 13273, Inspector Auxiliar de Infraestructuras, adscrito ó Servizo de Vías e Obras, de tres meses, que comezará o día 1 de outubro e finalizará o 31 de decembro de 2007, debendo incorporarse o seu posto de traballo o día seguinte (2 de xaneiro de 2008), de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

43(1791).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL DE FUNCIONARIO AO POSTO DE TRABALLO DE “XEFE/A DA ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL”. EXPTE. 17558/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, do 18.09.07, que di o seguinte:

Na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo figura vacante o posto denominado “Xefe/a da Área de Acción Social”, código 009, con nivel de complemento de destino 28 e complemento específico 63, debido ao recente pasamento do funcionario adscrito ao mesmo, D. Enrique Gómez García, acaecido o pasado mes de xullo do presente ano.

O dito posto de traballo pode ser ocupado por un técnico superior, encadrado no grupo A de titulación e na escala de administración xeral ou especial, segundo modificación puntual da vixente RPT efectuada por acordo da Xunta de Goberno local de data 17/09/2007.

Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo correspondente á Xefatura da Área de Benestar Social impide que se aprace no tempo a provisión da do mesmo, faise necesario o recurso á figura da adscripción provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo polos procedementos correspondentes;

En aplicación do disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico (prorrogados), onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente ao técnico de admón. especial D. Xosé Lois Cea Nogueira, con nº de persoal 21.150, ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Área de Acción Social”, código 009 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo da Área de Benestar Social, toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico (prorrogados) e sen prexuízo da súa cobertura con carácter definitivo.

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesadao xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o

día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

44(1792).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA A GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS AGOSTO 2007. EXPTE. 17525/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 5.07.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do SEIS quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quendas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.

Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :

<i>Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....</i>	<i>257,16 €</i>
<i>Cabo.....</i>	<i>272,31 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Turno.....</i>	<i>310,83 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Parque.....</i>	<i>335,53 €</i>
<i>Suboficial / Oficial.....</i>	<i>341,49 €</i>

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2006, o incremento do 2% do IPC correspondente o exercicio 2007, previstos na Lei de Presupostos do Estado para o exercicio de 2007, respectivamente.

Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :

Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.

Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.

Por isto, propónse a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de AGOSTO-2007, por un total de 30.027,07 € (TRINTA MIL VINTESE EUTOS CON SETE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

O Exmo. Alcalde resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

45(1793).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE ADSCRIPCIÓN DE DE FUNCIONARIO Ó POSTO DE XEFE/A DA UNIDADE ADMINISTRATIVA DA ALCALDÍA”. EXPTE. 17485/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 2.08.07, que di o seguinte:

Por Decreto da Alcaldía de data 19/04/2002 D. Carlos Soto Álvarez, con DNI 35.966.988 e nº de persoal 16685, técnico de administración especial, foi adscrito provisionalmente ao posto de traballo de “Xefe/a da Unidade administrativa da Alcaldía”. O dito Decreto foi anulado por Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dictada en autos do recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 254/2002, fundamentada na falta de motivación da urxencia que require a adscripción provisional (fto. Xurídico 1).

Considerando a existencia na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo do posto de traballo denominado “Xefe/a da Unidade Administrativa de Alcaldía”, con nivel de complemento de destino 26 e complemento específico 14, que pode ser ocupado por un técnico superior ou un técnico medio pertencente á escala de administración xeral ou especial –posto na actualidade adscrito ao Servizo de Turismo, Comercio e Industria por Decreto de Alcaldía de 11/08/2005- e en aplicación do disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico (prorrogados) onde se establece que serán cubertos polo sistema de libre designación aqueles postos de traballo que así estean determinados na relación de postos deste Concello, sendo en calquera caso cubertos por este procedemento os postos técnicos de nivel igual ou superior ó 26;

Considerando que a urxencia no desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo dunha unidade administrativa de especiais características como é a Alcaldía impide que se aprace no tempo a provisión da xefatura da mesma, faise necesario o recurso á figura da adscripción provisional para a provisión transitoria do posto de traballo concreto, recollida no artigo 7 do vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, sen prexuízo da súa provisión con carácter definitivo;

Visto o recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente ao técnico de admón. especial D. Carlos Soto Álvarez, ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075 da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo da Alcaldía, toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico (prorrogados).

Segundo.- Dispoñer a readscripción do posto de traballo citado de “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, á Unidade Administrativa da Alcaldía, onde desenvolverá as funcións propias do referenciado posto, e consecuentemente autorizar a transferencia de crédito do posto traballo de “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075, ubicado no Servizo de Turismo, Comercio e Industria, á Unidade Administrativa de Alcaldía (código de servizo 101) de conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co obxecto de adecua-las partidas orzamentarias ao cambio funcional antedito,

A modificación que orixina a referida readscripción deberá ser incorporada pola Unidade de Persoal na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe.

Terceiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de coordinación dos diferentes servizos e unidades administrativas que integran a Área de Servizos Xerais e Vías e Obras a D. Carlos Soto Álvarez, quen ademáis prestará asesoramento á Concelleira-delegada da dita Área, Sra. Abelairas Rodríguez.

Cuarto.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado á interesada, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-

administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

46(1794).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ENCOMENDA DE FUNCIONES A D. SERGIO GONZÁLEZ PRADA. EXPTE. 17486/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 2.08.07, que di o seguinte:

Na Unidade Administrativa da Alcaldía presta os seus servizos o funcionario municipal D. Sergio González Prada, con DNI 34.574.036E e nº de persoal 18537, enxeñeiro superior adscrito ao posto de traballo denominado "Asesor técnico de Infraestructuras", código 018 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada por Acordó da Xunta de Goberno Local de data 30 de maio do 2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2007, con retribucións inherentes as xefaturas do servizo (complemento de destino correspondente ao nivel 28 e complemento específico 6).

Dentro das funcións que o devandito empregado público poda realizar na Unidade administrativa da Alcaldía en canto ao asesoramento en materia de Infraestructuras, estímase oportuno que poda prestar asesoramento á Concelleira-delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, Dª Carmela Silva Regó, dentro da Área referida, así como que poda coordinar os diferentes servizos ou unidades administrativas existentes no Organismo autónomo municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo" orgánicamente incardinadas no esquema organizativo e relación de postos de traballo do Concello de Vigo, sen prexuzto das competencias inherentes ao posto de Xerente de Urbanismo establecidas nos Estatutos da Xerencia actualmente vixentes.

De conformidade co recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas as correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

Considerando a necesidade de que a Xerencia Municipal de Urbanismo dispoña do asesoramento específico en materia de infraestructuras en debida coordinación coa Alcaldía á cal está adscrito o posto de traballo, e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4J) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

"Primeiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de coordinación dos diferentes servizos e unidades administrativas que integran a Área de Urbanismo e Vivenda ao funcionario municipal D. Sergio González Prada, con DNI 34.574.036E e nº de

persoal 18537, enxeñeiro superior adscrito ao posto de traballo de "Asesor técnico de Infraestructuras", código 018 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, quen ademáis prestará asesoramento en materia urbanística á Concelleira-delegada da dita Área, Sra.Silva Regó, sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo na Unidade administrativa da Alcaldía.

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Contra a presente resolución poderase interponer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que pona fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-/administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

47(1795).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DA POLICÍA LOCAL "GRAN GALA" (PREGÓN DO CRISTO DA VICTORIA, DÍA DE GALICIA E PROCESIÓN DO CRISTO DA VICTORIA). EXPTE. 17542/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.09.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do "Pregón do Cristo da Victoria", "Día de Galicia" e "Procesión do Cristo da Victoria", aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Moisés Calvar Ríos e remata por don Antonio Torrado Rodríguez, por unha cantidade total de 1704,45 € (MIL SETECENTOS CATRO CON CUARENTA E CINCO EUROS)" e con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00 (GRATIFICACIÓN).

48(1796).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE CEMITERIOS- AGOSTO 2007. EXPTE. 17544/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.09.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do

Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de agosto-2007, e que ascenden a un total de 622'40 € (SEISCENTOS VINTE DOUS EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

49(1797).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL- AGOSTO 2007. EXPTE. 17543/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.09.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Antonio Amoedo García que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 8.70 €, correspondente o mes de agosto de 2007 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

50(1798).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DESINFECCIÓN- AGOSTO 2007. EXPTE. 17545/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.09.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de AGOSTO-2007 e que ascenden a un total 585.55 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

51(1799).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL - XUÑO, XULLO E AGOSTO 2007. EXPTE. 17541/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.09.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 14.09.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por Don Emilio Aira Pereiro do parque móbil e remata por Don Cesáreo Rocha Paramés do servizo da Alcaldía, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 77293,49€ (setenta e sete mil douscentos noventa e tres con corenta e nove céntimos) con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de AGOSTO, XULLO E XUÑO-2007.

52(1800).- AXUDAS SOCIO-SANITARIAS CON CARGO AO FONDO SOCIAL ANO 2007. EXPTE. 17501/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

53(1801).- PROPOSTA DE CONCESIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS PARA A REHABILITACION DA VIVENDA:

a) PORTA DO SOL N° 3. EXPTE. 326/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 17.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación dos elementos comúns do inmovel localizado en Pza./ PORTA DO SOL 3, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

NOME	ENDEREZO	NIF	ACP CVS	AXU MAX	AXU PROP*	CVS	MF
Mª del Pilar Sotelo Millán	Pza./ PORTA DO SOL 3, 0e1 -	35910344F	15.041,67	7.000,00	6.317,50	3.158,75	3.158,75
Mª del Pilar Sotelo Millán	Pza./ PORTA DO SOL 3, 2 -	35910344F	7.520,83	7.000,00	3.158,74	1.579,37	1.579,37
Mª del Pilar Sotelo Millán	Pza./ PORTA DO SOL 3, 4 -	35910344F	7.520,83	7.000,00	3.158,74	1.579,37	1.579,37
TOTAL			30.083,33	21.000	12.634,98	6.317,49	6.317,49

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, a axuda proposta que será financiada polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidades descritas no cadro.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

b) PORTA DO SOL N° 3, 3º. EXPTE. 327/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 17.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda e os elementos comúns do inmoebel localizado en Pza./ PORTA DO SOL 3, 3º, a María del Pilar Sotelo Millán con NIF. 35910344F das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, María del Pilar Sotelo Millána axuda proposta de 12.545,14 que será financiada polo Ministerio de Fomento en 6.272,57 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 6.272,57 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

c) RÚA GAMBOA 3, 2º. EXPTE. 334/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 17.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmoebel localizado en R./ GAMBOA 3, 2º a Ermita Soto Quinteiro con NIF. 35962559N das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Ermita Soto Quinteiroa axuda proposta de 5.065,50 que será financiada polo Ministerio de Fomento en 2.533,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 2.532,50 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

d) RÚA ESPERANZA 8, 1º. EXPTE. 335/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 17.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ ESPERANZA 8, a M^a.Luisa Niel Otero con NIF. 35868086T das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 27 de abril de 2006 (7^a Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, M^a.Luisa Niel Otero axuda proposta de 5.767,00 que será financiada polo Ministerio de Fomento en 2.884,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 2.883,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

e) RÚA TOMÁS ALONSO N^o 285. EXPTE. 329/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 14.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovel localizado en TOMAS A ALONSO (RUA) 285, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2^a Fase).

SEGUNDO.- Conceder provisionalmente aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio de Fomento e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	Presuposto Máx. Prot.	P.aceptado Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Fom.	Conse ll. viv. e solo
Alfonso De la Calle Martínez	36076918-S	TOMAS A ALONSO (RUA) 285 2º D	1338,17	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8
Javier Pérez Rodríguez	36138858-Q	TOMAS A ALONSO (RUA) 285 2º I	1338,17	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8
José Luis Durán	35983800R	TOMAS A ALONSO	1338,17	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8

González		(RUA) 285 1º						
José Luis Durán González	3598380 0R	TOMAS A ALONSO (RUA) 285 0º	1338,1 7	1338,17	7.000	441,6	220,8	220,8
		TOTAL	5.352,6 8	5.352,68	28.000	1.766,40	883,2 0	883,2 0

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

f) RÚA SEBASTIÁN ELCANO Nº 1, 2 E. EXPTE. 340/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 11.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmobile localizado en PRAZA DE SEBASTIAN ELCANO (RUA) 001, a José González Iglesias con NIF 35.814.523-G das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante José González Iglesias, a axuda de 2999,12 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 1499,56 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 1499,56 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

g) RÚA EDUARDO CABELLO, 49-1º D. EXPTE. 341/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 14.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PRAZA DE EDUARDO CABELLO (RUA) 049, a Joaquín Ruiz Leirós con NIF 35874536 das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Joaquín Ruiz Leirós, a axuda de 4677,7 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 2338,85 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 2338,85 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

54(1801).- PROPOSTA DE CONCESIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA DE AXUDA PARA A REHABILITACIÓN DA VIVENDA SITA EN PRAZA DA CONSTITUCIÓN Nº 9, 3 E. EXPTE. 301/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 13.09.07, asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e o concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 11/09/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en Pza./ CONSTITUCIÓN 9, 3 E, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 09 de marzo de 2007 (remate das fases 4ª, 5ª e 6ª).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente ao solicitante Rut Martínez López de Castro, con NIF 34987305G, a axuda de 8000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 4.000,00 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 4.000,00 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de euros con cargo á partida 4320.7800600 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

55(1802).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REURBANIZACIÓN DA PRAZA EDUARDO CHAO (FASE 2ª) NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4771/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 20.09.07, que di o seguinte:

O proxecto de “EXECUCIÓN DA REURBANIZACIÓN DA PRAZA EDUARDO CHAO, FASE 2A, NA CIDADE DE VIGO”, foi redactado pola Inxeñería Plans Estratéxicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Santiago López Fontán, en setembro de 2007

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “EXECUCIÓN DA REURBANIZACIÓN DA PRAZA EDUARDO CHAO, FASE 2A, NA CIDADE DE VIGO”.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de CENTO SETENTA E UN MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN EUROS CON VINTETRÉS CÉNTIMOS (171.981,23 €)

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente o proxecto de “EXECUCIÓN DA REURBANIZACIÓN DA PRAZA EDUARDO CHAO, FASE 2A, NA CIDADE DE VIGO”, cun orzamento total base de licitación de CENTO SETENTA E UN MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN EUROS CON VINTETRÉS CÉNTIMOS (171.981,23€)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

56(1803).- APROBACIÓN TÉCNICA DE PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DO TRAMO URBANO DE ESTRADAS DO ESTADO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO (AVDA. DO AEROPORTO N-550 E PRIMEIRO CINTO).EXPTE. 1/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Xerais, do 14.09.07, que di o seguinte:

O proxecto de “MEJORA DEL TRAMO URBANO DE LA RED DE CARRETERAS DEL ESTADO EN EL TERMINO MUNICIPAL DE VIGO”, foi redactado polos técnicos Juan Aguirre Rodríguez y Juan García Hansen , en xuño de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “MEJORA DEL TRAMO URBANO DE LA RED DE CARRETERAS DEL ESTADO EN EL TERMINO MUNICIPAL DE VIGO”.

O orzamento Adicional líquido ascende á cantidade de CATROCIENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCIENTOS NOVENTA Y DOS EUROS CON OITO CENTIMOS (465.692,08 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente ou proxecto de “MEJORA DEL TRAMO URBANO DE LA RED DE CARRETERAS DEL ESTADO EN EL TERMINO MUNICIPAL DE VIGO”,, cun orzamento Adicional Líquido de licitación de CATROCIENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCIENTOS NOVENTA Y DOS EUROS CON OITO CENTIMOS (465.692,08 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

57(1804).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA TÉCNICA PARA A REHABILITACIÓN ENVOLVENTE TÉRMICA DO PARQUE CENTRAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 919/448.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo coordinador do Área de Servizos Xerais e polo xerente do Parque Central, do 26.09.07, e a concelleira delegada de Servizos Xerais que di o seguinte:

No DOG de 28 de maio de 2007, saíu publicada a resolución do 26 de abril de 2007 do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables correspondentes ao exercicio 2007.

Un aspecto fundamental para o Parque Central é mellorar o aislamiento térmico dos edificios, polo cal, trátase da substitución da cuberta actual das naves do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo, constituída por placas onduladas de fibrocemento (uralita), sen illamento, ancladas sobre viguetas de forxado, por unha cuberta en panel sandwich, con illamento a base de espuma de polurietano de 30 mm. de espesor. Con esta nova cuberta trátase de paliar as deficiencias existentes na cuberta actual tanto a nivel térmico como impermeabilizante.

A aportación municipal será considerada nas partidas orzamentarias correspondentes ao exercicio 2008, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

“Aprobar a solicitude da subvención convocada polo INEGA para:

- *Sustitución das cubertas do Parque Central polo importe de 32.818 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a solicitude da subvención convocada polo INEGA para substitución das cubertas do Parque Central polo importe de 32.818 euros.

58(1805).- ROGOS E PREGUNTAS.

D. Santiago Domínguez Olveira pregunta o motivo polo que non se fai efectivo o incremento do persoal eventual da Tenencia da Alcaldía, unha vez aprobada a última modificación orzamentaria.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e dezasete minutos. Como secretaria dou fé.

Me.

A CONCELLEIRA SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.